

Narrativa Nunha liña xa andada por Moure no ensaístico, nesta novela comparece a intención de demostrar a posibilidade de establecer relacións que, sen refugar o conflito, sexan libres, non xerárquicas

Esculcando a arte

En propostas diversas desde o punto de vista da intención –*Herba moura* (Xerais, 2005) e *Unha primavera para Aldara* (Xerais, 2009)– Teresa Moure cuestiona a relación entre distintos ámbitos do que podemos dar en chamar activismo: feminismo, ecoloxía, coñecemento, compromiso social. Por tanto, natureza, muller, ciencia, arte e liberdade son motivo de reflexión recorrente ou característico das propostas literarias de Moure. Con coherencia e fondura, a autora presenta en 2008 *O natural é político* (Xerais), ensaio que, na liña ideolóxica do que comentamos, pon en cuestión as relación da cidadanía co medio natural. A chegada d'*A intervención* (Xerais, 2010), novela publicada recentemente, podería lerse como posta en práctica: un exemplo, en realidade, unha proposta de actuación, algo semellante ao que nos suxire o título, honesto e rotundo. Porén, agrandando esta lectura verosímil sen ter que abandonala, *A intervención* inquire sucesivamente, interroga o lector e interrógase a si mesma, arma posibilidades, contempla procesos, asume derrotas, non desiste.

Arredor da obra excéntrica e fascinante que Leandro Balseiro levou a cabo durante a súa vida, dous dos seus descendentes comezarán a sentir curiosidade. Tratábase dun home, Balseiro o vello, non demasiado querido, non demasiado bondadoso, que chamará a atención dos veciños máis afastados pola súa extraordinaria capacidade creando, mantendo e facendo medrar un xardín vasto e riquísimo para os sentidos. A partir do interese que este Leandro suscita, nun principio, no seu neto de nome idéntico, congregárase un número limitado de personaxes que, asemade, participará da narración da novela. Este exercicio de perspectiva múltiple permítenos indagar nas intrigas, nos medos, nas conspiracións ou nos silencios que se dan entre un grupo que non nos deixa indiferente por tres motivos fundamentais: as actitudes dos seus membros opóñense ás convencións, as formas de vida que desenvolven son heteroxéneas, non comparten xeración. Xa que logo, esta non é outra novela coral xeracional. Máis ben, pretende ser o contrario, pois persiste unha constante intención de demostrar a posibilidade de establecer relacións libres, nin xerárqui-

cas, nin paternalistas, sen que isto signifique a ausencia de conflitos.

Este conxunto sorprendente, pero probable e actual, comparte, aínda que en distinto grao, a necesidade de facer accionar a súa enerxía, de poñerlle unha meta, de desenvolver unha idea e así, a partir dese eixe, encontraranse na Intervención; unha tarefa que permite ao lector recuperar a figura coa que se abre o libro –Leandro Balseiro, o especialista en xardinaría–, axudando a comprendela, e que, ao mesmo tempo, concede aos protagonistas momentos terapéuticos nos que recoñecerse ou cuestionarse a si mesmos. O significado da memoria ou do pasado –ben desde un punto de vista individual, ben desde o pasado común, cultural e social– é interrogado con acerto ben fino porque consegue espertar no lector a dúbida sobre o valor concedido á experiencia ou a calquera clase de coñecemento previo. Desta maneira preséntanse dúas personaxes case antagónicas: Leandro Balseiro neto, adolescente tardío namorado

da vida de seu avó, a súa pretensión máis importante reside na reconstrución dos feitos. E, por outra banda, Sampaio, unha orixinal e anciá personaxe desprovista de memoria que non sente a necesidade de recuperala para poder vivir, analizar ou decidir. Só a partir do proceso que o grupo vive durante a Intervención, Sampaio o desmemoriado comezará a enfrontarse aos seus leves recordos e, polo tanto, tamén a fantasmas e temores.

Unha das escollos máis inquietantes da novela é ao mesmo tempo un dos seus protagonistas: o xardín. Pode semellar a primeira vista contradictorio que nunha narración de clara vontade ecoloxista a presenza máis importante da novela sexa a do xardín, unha construción humana sobre elementos da natureza con finalidade ornamental. En certa medida, o xardín opónse á idea mesma de natureza, entendéndoa desde un punto de vista biolóxico e non filosófico, isto é, a natureza como parte do universo que non foi creada ou intervida polo home. O xardín pode ser

exactamente o contrario: un exemplo da planificación, da actuación e da concepción de beleza do século XVIII. No entanto, aí é onde a proposta de Moure se volve brillante porque se afasta da concepción ilustrada e dela transloce a ilusión pola vida: recuperando unha cita de Kant sobre a natureza dos xardíns, a autora pensa a xardinaría como unha vía para a supervivencia, mediante a multiplicación da natureza –empregando as múltiples variedades que nos ofrece– e, sobre todo, como unha ferramenta ideolóxica fronte aos ataques a recursos naturais que manifestan pretensións especulativas. Non se teoriza sobre ela ao longo da novela, pero os propios acontecementos promoven a reflexión sobre a xardinaría como un artefacto de combate; trátase, en certo sentido, dunha conxunción da diversidade. Neste sentido, o xardín ocupa a novela. É, en grande medida, a súa razón de ser, do mesmo xeito que o é a bandeira da pluralidade e da diferenza.

Non deixa de ser menos calculada a escolla do termo *intervención* para darlle título e motivo de existencia a unha novela que condena a intervención lucrativa no Courel de hoxe e propón a intromisión da arte na natureza como mecanismo de resistencia. Ao longo da narración encontramos extractos de pensamento de cada un dos personaxes –narradores por quendas– e discusións entre eles sobre as posibilidades da arte e da súa relación coa política. Deste xeito, seguindo a liña teórica xa explorada por Moure e comentada con anterioridade neste texto, o natural é

político: a arte na natureza aparece vinculada á maternidade cando unha das personaxes decide representar para os seus compañeiros unha instalación que relaciona a terra coa lactancia, isto é, a terra como nutrición e fonte de vida. Noutro momento, vólvesenos presentar a terra como parte dun todo no que tamén estamos nós: “A terra, a nosa, está feita dos nosos mortos, dos corpos dos que soñaron antes ca nós. Por iso, se fores ao xardín, colle unha man de terra, axeónllate mirando ao oeste, por onde perdemos o nome e nos facemos mar, e cómea. Mastiga a terra do teu país con lentitude, non a cuspas”. // **Oriana Méndez Fuentes**

A intervención ·
Teresa Moure ·
Xerais, 2010 ·
288 páx · 16,50 euros



Crear bosques // Carlos Latorre, arquivo MARCO